


Programa Reverdecer — Centro de Arte FMJJ / Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo




Centro
de Arte
FMJJ



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

CFEA GUÍSAMO



● **REVERDECER**, Ecofisioloxía vexetal e conciencia para a conservación dos bosques autóctonos é un proxecto cultural multidisciplinar [científico/artístico/social] o seu tema troncal é a ecofisioloxía vexetal e a súa achega á conservación da biodiversidade nos bosques e especies endémicas que precisan unha resposta sostible ao cambio climático. Ten como obxectivo salienta a importancia da conservación e da biodiversidade nos bosques autóctonos.

Entre outras accións desenvolvidas dentro deste marco, destaca o proxecto colaborativo entre o Centro de Arte Fundación María José Jove e o Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo [AGACAL], que pretende xerar conciencia e coñecementos prácticos sobre a ecofisioloxía vexetal e a súa aplicación para a rexeneración ambiental e a educación sostible, salientando as funcións das plantas como axentes clave nos ecosistemas naturais.

REVERDECER
ECOFISIOLOXÍA
VEXETAL E CONCIENCIA
PARA A CONSERVACIÓN
DOS BOSQUES AUTÓCTONOS

ECOFISIOLOXÍA VEXETAL



TIMOTHY C.
MARZULLO, PH.D.

CONFERENCIA

● Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo

13.05.2025

10:00H.

Marzullo é científico divulgador e cofundador da empresa "Backyard Brains". Con máis de 20 anos de experiencia en enxeñería neuronal adícase á investigación e á divulgación en neurociencia e procesos inventivos.

NEUROBIOLOXÍA VEXETAL E COMUNICACIÓN MULTIESPECIE



FRANTIŠEK
BALUŠKA

CONFERENCIA

● Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo
Novembro

[FECHA Y HORA POR CONFIRMAR]

Investigador do Instituto de bioloxía Celular Molecular [IZMB] da Universidade de Bonn, Baluška é un dos científicos máis destacados no campo da bioloxía sensorial e comportamento das plantas. Nos últimos anos participou activamente na emerxencia do novo campo da neurobioloxía vexetal.

LABORATORIO EXPERIMENTAL DIVULGATIVO

- Datas: de outubro a novembro.
- Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo

A través de accións experimentais preténdese demostrar as capacidades de percepción e comunicación das plantas. Estas actividades trasladaranse a distintos contextos educativos do territorio galego.

PROXECTO DE MEDIACIÓN E EDUCACIÓN EN ESCOLAS — APRENDER DO BOSQUE

- Datas: Programa educativo curso escolar 2025/2026.
- Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo

Durante o curso escolar 2025/2026, abrirase unha convocatoria pública dirixida a centros educativos de Galicia para participar nun proxecto colaborativo co obxectivo de recuperar hábitats naturais e favorecer a biodiversidade.

Ofreceranse as ferramentas para a creación de pequenas parcelas arboradas con especies autóctonas (carballos, bidueiros, castiñeiros ou sobreiras), fomentando o coñecemento sobre a importancia destas nos ecosistemas forestais. As escolas seleccionadas comprometeranse a dispoñer dun terreo axeitado, plantar, coidar o bosque no tempo e activar o proxecto a través de redes locais de colaboración con asociacións ecoloxistas, comunidades de montes, concellos e outros axentes do territorio.

Esta proposta promove o achegamento ao concepto de intelixencia vexetal como modelo de sostibilidade e resiliencia, ofrecendo á comunidade educativa ferramentas para comprender os mecanismos ecolóxicos das plantas e a súa función esencial na regulación dos ecosistemas.

Centro de Arte FMJJ



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

CFEA GUÍSAMO